

Falamus!

Voceiro do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
do Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol



Nº 4

Pola *Defensa*
do ensino musical

alumnos
deportistas

Concertos
didácticos

Proxectos
internacionais
no Xan Viaño

Día das
letras
galegas

Entrevista a
Francisco
San Ramón





Editorial

2

Xa que me brindan esta ocasión, e coa que esta caendo, gustárame, como non, falar de: "música & ensino", os dous pilares sobre os que penso que esta construído este centro.

Ensinio e música, dúas palabras que terían que chegar a tódolos oídos das persoas en idade de aprender: Xa dicía Aristóteles (política Libro V) "Nada mais influente que o ritmo e os cantos para imitar a cólera, a bondade, o ánimo, a sabiduría... a música e evidentemente unha imitación dos sentimentos morais".

Imaxinemos unha vida sen música: insoportable. E xa que a música tería que chegar a todos, quero ligar isto ao carácter público do ensino da música neste caso. Defendendo e loitando polo ensino público aseguramos que sexa mais universal e que o dereito a unha educación mais integral sexa garantido.

Temos que afirmar que necesitamos un ensino público e de calidade que "reparta" e universalice a aprendizaxe.

Ensinio que ten que ser para todo o mundo, e música que temos que facer que chegue de forma sinxela a tódolos rapaces/as que así o demanden.

Dicía Nietzsche "sen música a vida sería un erro", eu non penso que sexa para tanto, pero dende logo non sería o mesmo.

Cando os mais importantes pensadores da historia adican tanto tempo a tentar describir como a música afecta ao noso ánimo, espírito, etc.. é porque algo moi importante ten que ser.

Os que traballamos no ensino público temos a obriga de proporcionar unha educación básica por igual a tódolos nosos alumnos, por suposto atendendo a súa diversidade, seguramente que todos non van a chegar a ser profesionais no mundo da música, pero que menos que poder contribuír a súa formación integral aportando o noso pequeno grao de area.

Este centro ten que ser, na miña opinión, formador de persoas, e se pode proporcionar un futuro profesional, pois mellor que mellor.

Se conseguimos que o CMUS Xan Viaño sexa a "casa" dos estudantes que pasaron por aquí. Tere-mos moito terreo percorrido.

Francisco San Ramón Calvo

Falamus!: Avda do Mar 4-6, Esquina con Telleiras, Caranza-FERROL

Teléfono: 981 333317-618 619 001

Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmusxanviano>

Mail: cmus.xanviano@edu.xunta.es

Edita: Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CMUS "Xan Viaño" de Ferrol.

Coordinadora: Iria Rico

Docentes: Sergio Pena

Maquetación: Jacobo Gómez Rey (alumno do ciclo superior de Deseño e Producción Editorial).

Foto contraportada: Sergio Pena


Agradecementos:

Graciñas a todos os que de un xeito ou outro fixestes posible a edición desta revista.

Moitísimas gracias ao Ciclo superior de Deseño e Producción Editorial do IES Leixa, en concreto a María Salas, por colaborar na realización desta edición de Falamus.

Falamus non se fai responsábel das opinións dos colaboradores.

Sumario



2 Editorial

4 Entrevista ó novo director Francisco San Ramón

6 Banda dos pequenos

7 Soncello ensemble

9 Cine no Xan Viaño

10 O violín, ese instrumento de corda...

11 Proxectos internacionais no Xan Viaño

16 Concerto para Aspanaes

17 VIII Concurso de Creación Musical para novos compositores

18 Por unha boa convivencia

19 Pola defensa do ensino musical

21 Entrevista a Miguel Pérez Sabater

23 Festival CinEOI Coruña Curtas 2012

24 Dicionario mítico

26 O Teremín: O instrumento que soa sen ser 'tocado'

27 O barroco no Xan Viaño

28 Concertos didácticos

29 Alumnos deportistas

32 Día das letras galegas

34 Viaxe a Austria

35 Xornada de portas abertas

37 Clarinetistas _musicólogas do Xan Viaño, 2 - Alianza Música, 0

38 Recomendación da Biblioteca Jose Fontenla Leal

Entrevista ó novo director Francisco San Ramón

EDLG

Falamus: Noraboa e benvido a este novo cargo. Como membro da directiva en anos anteriores, qué supón asumir agora o posto de maior responsabilidade.

Francisco San Ramón: unha pregunta moi difícil para comezar, pero vou a intentar contar a miña experiencia.

A verdade é que cando empezas a traballar coma directivo nun centro, sempre pensas que isto vai durar pouco, pero, mira por onde parece que estas cousas te enganchan, sempre queres pensar que vai a ser temporal, e así ten que ser, pero a verdade é que se converte en apaixonante. As responsabilidades as vas asumindo pouco a pouco e a medida que se van presentando, non pensas o difícil que é ser secretario ou director, se o pensaras ao mellor non o serías.

Eu teño que dicir que por sorte teño uns compañeiros excelentes e que sen o apoio deles non estaría aquí. Sempre van xurdindo problemas e necesitas o respaldo de todos eles para resolvelos.

Decatarse é moi difícil, imposible, facer as cousas todo o ben que se quere, temos moitas opinións, pensamentos ... pero teño que destacar a gran colaboración de tódolos profesores e persoal do centro.

F: Que proxecto tes pensado para o centro.

FSR:Gustaríame que toda a comunidade educativa estivera nel como na súa casa, e que cando un alumn@ remate o seu paso polo centro sinta un gran respecto polo continente pero sobre todo polo contido “educativo” que servimos nel.

Un centro público onde formemos boas “persoas”, que seguro que se van converter en bos músicos.

Que ninguén teña recordos en negativo do noso conser.

Que os alumnos que rematen no Xan Viaño teñan o recoñecemento, alí a onde vaian, dunha formación de calidade que lles abra as portas ao seu futuro no mundo da música.



Francisco San Ramón

F:Supón a túa chegada algún cambio na liña levada ate o de agora?

FSR:Quero seguir sendo unha persoa prudente, pero decidida a seguir adiante. O anterior director creou, coa axuda dos seus equipos, un conservatorio dende a nada, e correspóndenos seguir integrando e consolidando o Centro dentro da oferta cultural de Ferrol e comarca ata convertelo nun referente educativo.

F: Temos a impresión de que a boa imaxe do Xan Viaño non chega á cidade a pesar do bo traballo que se está a facer, que medidas se poderían tomar para mudar isto. Estas medidas entrarían dentro do voso proxecto de centro?

FSR: As veces podemos ter esa impresión, pero penso que vai cambiando pouco a pouco. Este curso estanse a facer actividades coma nunca, todo o profesorado estase implicando dunha forma exemplar.

Sáímos na prensa, Radio, Tv, tivemos reunión coa Filarmónica Ferrolana e diferentes asociacións de Ferrol para colaborar entre nos.

Estamos metidos en mil historias e todas elas moi interesantes. Proxecto internacional Comenius, Leonardo, concertos didácticos no auditorio, nos colexios da comarca, agora mesmo estase a preparar O Carnaval dos animais, en fin. Ten que ser un traballo constante no tempo.

F: Dados os recortes que se están a facer, que é o que se está a ver máis afectado no centro?

FSR: A verdade é que a nós, de momento, non nos afectan os recortes da consellería, este ano incluso tivemos un lixeiro aumento do orzamento.

A plantilla do profesorado segue sendo a mesma e contamos con seguir así.

Se teño que dicir que dende o concello o actual equipo de cultura cancelou o convenio que se asinaba anualmente, e permitíanos facer os recitais tan interesantes dos profesores que imparten os cursos de perfeccionamento.

F: Cales cres que son as características que máis despuntan do centro.

FSR: Penso que somos un centro cun profesorado moi dinámico e en constante formación, o que repercute no nivel que teñen os alumnos que conseguen rematar o Grao Profesional.

Máis do 99% dos alumnos que rematan no Xan Viaño teñen praza nos conservatorios Superiores aos que optan e cunha media moi boa. O que ten que facernos sentir orgullosos do noso traballo.

F: Por que recomendarías estudar a un alumno neste centro?

FSR: É un centro pequeno, ben dotado e que vai crescendo pouco a pouco. Onde todos nos coñecemos, o que permite facer un seguimento máis personalizado dos alumnos. Isto seguro que é bo. Temos alumn@s que “triúnfan” polo mundo adiante.

Dende o persoal non docente ata tódolos profesores temos unha boa relación profesional polo que penso que o ambiente é moi apto para o estudo.

F: Que problemática lle ves ao ensino nos Conservatorios con respecto a o resto de estudos? Estase a facer algo para melloralo?

FSR: Só temos que ver os datos:

-alumn@s que comezan en 1º de GE: 70-80
-Alumn@s que rematan DEZ anos despois: menos da cuarta parte

;;; Sen comentarios ;;;

Son datos demoledores que mostran o esforzo tan grande que ten que facer un alumno para rematar o GP.

Só dicir que as veces os alumnos teñen que deixar de asistir a clase por ter exames pola tarde no instituto.

A administración educativa tería que ser máis sensible xa que as veces temos abandonos de alumn@s moi capaces que están desbordados pola falta de tempo material.

F: Que che gustaría que se dixera do Xan Viaño.

FSR: Gustaríame que desaparecera esa impresión de que estudar música é unha cousa moi complicada. Ten que ser máis doado facer chegar a música a tódolos que queiran coñecela.

F: Desde que estás no centro, como ves a evolución do alumnado?.

FSR: Foi unha evolución constante e a mellor, como dixeran antes temos alumnos que poden optar a calquera Centro superior e que rematan neste centro cunha formación de moi bo nivel. Temos alumnos que só queren a música para enriquecer a súa formación, o que merece o maior respecto, temos que coidalos e formalos a todos eles da mellor forma posible.

Banda dos pequenos

6

Un ano máis os luns ás 19.00 horas algúns alumnos das especialidades de vento madeira, vento metal e percusión de Grao Elemental xuntáronse na aula de orquestra para facer música xuntos. Nos primeiros días de ensaio eran pouco máis de vinte rapaces, pero pouco despois a cousa comezou a cambiar e así, semana a semana, novos alumnos foron incorporándose a denominada “Banda Dos Pequenos” sobrepasando na actualidade os corenta membros. A día de hoxe a banda está formada por 6 clarinetistas, 6 frautistas, 5 oboístas, 6 fagotistas, 5 saxofonistas, 6 trompetistas, 4 trompistas, 4 trombonistas, 1 bombardinista e 2 percusionistas, aínda que para diferentes concertos colaboraron un trompetista, un bombardinista e un percusionista.

Diferentes foron os concertos que dita agrupación fixo ó longo de todo o curso. O primeiro foi co motivo do día dos músicos por “Santa Icíá” no mes de novembro cun repertorio moi sinxelo xa que só levaban unhas cantas semanas tocando xuntos e tíñanse que coñecer. O segundo foi para

inaugurar o Nadal e con motivo da presentación do Belén navideño que se construíu coas lingüetas de diferentes instrumentos (clarinete, saxofón, óboe e fagote), nesta ocasión no repertorio soou algún villancico. O terceiro concerto, xa na segunda avaliación, foi un concerto de benvida aos alumnos que viñeron do estranxeiro a través do proxecto internacional “Comenius”, aí xa tocaron pezas máis coñecidas xa que eran de debuxos animados. O cuarto concerto foi un triplo concerto xa que o 18 de abril pola mañá tocaron tres concertos didácticos para alumnos dos colexios da zona interpretando toda a banda obras de debuxos animados e películas como “Os Simpson”, “Inspector Gadget”, Pocahontas, ... ; e por especialidades os alumnos presentaron e interpretaron diferentes pezas tamén coñecidas. O que sería o quinto concerto foi moi emocionante xa que aconteceu fóra das instalacións do centro. Nesta ocasión os alumnos da “Banda dos pequenos” e o “Pequecoro” viaxaron ao Conservatorio Profesional de Culleredo para tocar alí o 11 de maio pola



Fotografía Pequecoro e Banda dos pequenos no auditorio do Conservatorio Profesional de Culleredo

tarde xunto con alumnos do centro de acollida e tamén para interpretar co Pequecoro por primeira vez unha peza todos xuntos. Destacar que ese día ademáis estrearon unha camiseta identificativa da banda, ¡había que velos todos entusiasmados por saír ao escenario e así poder poñer a camiseta!. E xa para rematar o curso académico alá para mediados de xuño a “Banda dos pequenos “ e a “Pequebanda” realizarán xuntos o que será o sexto concerto para esta agrupación infantil.

Foi un ano de moito traballo, de moi bo traballo onde ademais de facer música xuntos aprenderon e mostraron grandes valores como compañeirismo, respecto, responsabilidade, disciplina, esforzo,... polo que o futuro destes “pequenos” músicos pinta moi ben, agora so queda que continúen camiñando do mesmo xeito.

¡Bravo rapaces!



Actuación de Soncello ensemble

Juan José Díez Seoane (fotos Sergio Pena)

O pasado 10 de Febreiro, tivo lugar no “Xanvi” un debut moi especial. O “Soncello Ensemble”, conxunto de chelos xurdido como agrupación visible e activa da Asociación de Violoncellistas de Galicia, ofreceu o seu primeiro concerto, antes incluso de actuar na 1ª Xuntanza de Violoncellistas de Galicia, que tivo lugar o 27 e 28 do mesmo mes.

Por se non a coñecedes, preséntovos dende eiquí esta marabillosa iniciativa de tres violoncellistas (dúas mestras e un músico de orquestra) que quixeron marcar un punto de inflexión no panorama “conxelado” do chelo na nosa comunidade: crearon a asociación coa idea de agrupar aos amantes do instrumento en xeral, sexan amadores, profesionais ou estudantes...e potencialo con diversas e variopintas propostas, dende concertos, ate conferencias, obradoiros, concursos, clases maxistras...



Juan José Díez Seoane



Soncello

Pois ben, creada a entidade, xurdiu a idea de conformar unha agrupación activa que fixese a tarefa, falando no plano máis práctico, de amosalo noso instrumento e facelo chegar ao público: as posibilidades infinitas do chelo e o efectista dun ensemble conformado por varios deles.

Así foi. No Xanvi actuou o que poderíamos chamar o “cuore” de Soncello Ensemble, os oito cellistas “base” da agrupación, se ben ésta é versátil en número, é dicir, para outros programas pódono conformar máis ou menos chelistas segundo os requisitos da obra. Escoitouse a Elexía de G. Fauré, o Ave María de



Soncello no Xan Viaño

Fitzenhagen e unha xenial adaptación da Fuga en Sol menor de J.S.Bach.

maras e como non, ao antedito público, sen o cal nada tería sentido.

A acollida entre o noso primeiro público foi moi calurosa, aínda que houbo pouquiña xente (os venres pola tarde o conser asemella un deserto).

Por último gustárame aproveitar a revista Falamus pra instar a tódolos chelistas que se sintan implicados co seu instrumento, coa música e coa importancia de facer chegar ámbalas dúas cousas máis aló do que chegan a día de hoxe, a asociarse a este proxecto, o cal brindará a grandes e pequenos a oportunidade de dar a coñecer a música que levan dentro.

Dende aquí e como membro da agrupación, quero agradecer ao centro o facer posible este concerto tan especial para nós, aos nosos técnicos de imaxe, Serxio Pena e María Fraile o seu bo facer coas cá-

¡Grazas rapaces!

Cine no Xan Viaño

EDLG

O EDLG organizou un ciclo de curtametraxes 11,18 e 23 de novembro, no que participaron tres representantes moi diversos do cine de autor que se está a facer na nosa terra, como son Jairo Iglesias, Omar Rabuñal e Marisa Otero.



A iniciativa xurdiu como apoio ó noso cine e para traer ó centro ese fenómeno artístico tan de actualidade que mantén unha relación tan estreita coas outras artes entre elas a música, ademais de achegar aos nosos alumnos e alumnas unha visión moi cercana do que é o proceso creativo e o resultado final.

As proxección leváronse a cabo no auditorio do Xan Viaño ante un público atento e con gran interese. Trala proxección das curtametraxes ‘Campás’, ‘Cores’ de Jairo Iglesias; ‘Sor Felicia’ e ‘Gústame o café’ de Marisa Otero e ‘Da man da rainha vermella’

houbo un tempo no que os autores explicaron os aspectos internos da produción e creación, algo que apreciaron enormemente os presentes, os comentarios dos autores desvelaron detalles daquelas cousas que acontecen detrás das cámaras e non chegan ao público xeral. Tamén respostaron a todas as preguntas que se lles fixeron, entre as que houbo como non podería ser menos moitas relativas ás bandas sonoras.




É de agradecer a disposición de Marisa Otero, Jairo Iglesias e Omar Rabuñal que facendo un oco nas súas apretadas axendas, se desprazaron ata o noso centro para ofrecernos as súas creacións e a súa experiencias persoais, poucas veces temos ocasión de ser partícipes de tan valiosa información acerca do cine galego e dos autores.

O violín, ese instrumento de corda...

Colectiva de violíns de 1º de Grao Elemental (fotos Sergio Pena)

Cando aparece o violín na forma en que se lle coñece hoxe en día?

É difícil de precisar, o máis probable é que o violín nacera no norte de Italia e mais precisamente na rexión de Milán entre o 1520 e o 1550. De entre os instrumentos desta época que chegaron ata nós, destacan dous violíns de tres cordas, construídos por Andrea Amati de Cremona en 1542 e 1546 respectivamente. O primeiro violín fíxoo ese mesmo constructor e data de 1555. En 1560, Andrea Amati recibiu de parte do Rei de Francia, Carlos IX, un importante pedido: 38 instrumentos dos que 24 eran violíns, 6 violas e 8 violoncellos. Isto parece indicar que Amati (1505-1576) foi o primeiro gran constructor de violíns. O violín é o instrumento máis fascinante de todos os instrumentos musicais. Pola beleza da forma, a sinxeleza do material empregado e a pureza do seu son, representa un cumio na fabricación de instrumentos.



Descrición do violín: Ten ao redor de 70 pezas. Os seus elementos principiais son a caixa de resonancia e o mango. As pezas accesorias son: a ponte, a alma, as carabillas, o cordal, a mentoneira e as cordas. A excepción destas últimas, as demais son de madeira.



Colectiva de 1º GE de violín

A familia do violín:

A viola é similar ao violín pero de maior tamaño e proporcións máis variables. A súa tesitura sitúase entre os agudos do violoncello e os graves e medios do violín. Ten catro cordas que se afinan coas notas (de grave a agudo) Do-Sol-Re-La. O seu timbre é de gran beleza. Serve de ponte sonora entre o violín e o cello. Ao intérprete chámasele viola ou violista.

O Violoncello ten un tamaño e rexistro entre a viola e o contrabaixo. É considerado un dos instrumentos de corda que máis se parece á voz humana. Para tocalo suxeitase entre as pernas. Forman parte fundamental na orquestra realizando normalmente as harmonías máis graves. O Contrabaixo ten catro cordas que se afinan por cuartas ascendentes (de grave a agudo Mi-La-Re-Sol). É o segundo maior e máis grave dos instrumentos cordófonos, superado só polo Octabaixo.

Proxectos internacionais no Xan Viaño

Ermitas García

11

Un ano máis de novas experiencias internacionais

Ao longo deste curso escolar 2011/2012 estive-
mos traballando en dous proxectos:

A Asociación Multilateral Comenius “Ars Europa”,
no seu segundo e derradeiro ano de desenvolvemento e a Asociación Multilateral Leonardo da Vinci “European Art Confluence” coa que continuaremos ao longo do curso que ven.

Imos falar un pouco das actividades de cada unha
das asociacións:

No marco do Comenius Ars Europa participamos
nas seguintes actividades: realización dun conto
en cadea entre todas as escolas participantes, rea-
lización de pinturas tipo “cadáver exquisito” cola-
borando con outras escolas, intercambio de cartas
entre estudantes do conservatorio e rapaces/as
estranxeiros, realización de traballos e mostras
sobre a nosa cultura e artes para darnos a coñecer
aos nosos socios, realización de cuestionarios tipo
Hot Potatoes para practicar os contidos apren-
didos e difusión dos nosos traballos no blog do
proxecto:

<http://comeniusproject20102012.blogspot.com.es/>

O momento máis esperado por todos os partici-
pantes neste proxecto foi a realización en Ferrol do
último encontro desta Asociación Multilateral. A
semana do 26 ao 30 de marzo do 2012 recibimos
no noso centro e nas nosas casas a un total de 57
persoas das que 14 eran profesores e 43 estudan-



Foto de familia en Compostela

tes. A pesar dos imprevistos, como que un dos
días da visita coincidira coa folga xeral do 29 de
marzo, tivemos moita sorte con outros factores
pois fixo un tempo fantástico que nos permitiu
gozar das actividades ao ar libre.

Visitamos a cidade de Santiago de Compostela,
chegamos ao campus norte, paseamos pola zona
antiga e arredores da Catedral, fomos xantar no
comedor universitario do Monte da Condesa, no
campus sur e asistimos a unha explicación sobre
o Pórtico da Gloria que mantén a Fundación Bar-
rié na cripta da catedral. Puidemos observar a
arquitectura e modelo urbano da parte vella, da
catedral, e reparar na importancia das universida-
des ligadas á historia desta cidade.

O coñecemento da historia de Galicia e do noso mundo rural foinos ofrecido nas instalacións de Aldea Nova no alto de Sedes en Narón. Como fixo un día claro, desde alí puidemos observar desde a ría de Ferrol até a lagoa da Frouxeira. Os nosos visitantes quedaron impresionados da paisaxe e coñeceron animais e plantas da fauna autóctona. Guiados polos monitores de Terranova visitamos a casa tradicional galega e explicáronnos o modo de vida dos nosos devanceiros. O obradoiro da tarde consistiu na práctica de xogos e deportes populares, pequenos e maiores tiveron oportunidade de disparar con arco ou lanza, serrar manualmente, andar con zancos, tirar da corda... foi divertido e entretido.

Os obradoiros que tiveron lugar no conservatorio consistiron en traballo con música e movemento, para o que organizamos unhas sinxelas clases de



Aldeanova-Porco Celta



A cultura castrexa

danza tradicional galega. Curiosamente para moitos dos estudantes do conservatorio tamén foi a súa primeira experiencia en contacto coas danzas tradicionais. Outro dos obradoiros consistiu na preparación dunha pequena peza tradicional, un aguinaldo con texto de despedida que traducimos aos diferentes idiomas dos países asociados. Serafín Santamariña acompañounos co acordeón e as profesoras de música dos diferentes centros axudáronnos a aprender a pronunciación. O obradoiro de música tradicional galega permitiu que os alumnos e alumnas participantes se achegasen ao uso de instrumentos de pequena percusión como pandeiretas, cunchas, güiros, maracas... todo isto acompañando de música en vivo (gaita, baixo eléctrico e percusión tradicional). Soaron ritmos variados: muiñeira, xota, pasodobre, rumba, reel...

O bo tempo permitiunos rematar o encontro como se rematan as festas ao máis puro estilo galego, cunha xira campestre en Doniños. Todos os que quixeron foron guiados pola costa até as penas Gabeiras, outros decidiron quedar a tomar o sol no areal.



Merenda en Doniños

Ao longo do encontro os participantes tiveron a oportunidade de asistir a 3 concertos no conservatorio: o concerto de benvida ofrecido pola Pequebanda e o Pequecoro, que preparou cancións nos idiomas dos centros asociados para esta ocasión. O segundo concerto ao que asistiron foi o preparado polo departamento de Canto, coa

participación dos estudantes de canto e coro. A montaxe da escena e a interpretación de fragmentos de ópera de Mozart encantou ao público, para moitos dos nenos e nenas que asistiron foi o seu primeiro contacto directo coa ópera. O terceiro concerto foi o da asociación Comenius, nel todos os participantes puxeron en práctica o espectáculo preparado ao longo do curso. Finlandia fixo unha coreografía moderna na que aludía á vida nas aulas; tamén fixo unha divertida presentación sobre as dificultades que entraña aprender o finés. A escola de Pershore (Inglaterra) recitou poesías e realizou unha montaxe de percusión con cadei-



Utilidade do hórreo- Aldea Nova

ras. A escola de Fontenay-Bois (Francia) cantou cancións en diferentes idiomas. Os nenos e nenas da escola de Darwen (Inglaterra) interpretaron música instrumental. Os nosos representantes foron os membros do cuarteto de metais C-Brass, que tocaron entre outras pezas, arranxos de músicas coñecidas.

Foi destacable a hospitalidade e colaboración das familias: todos os visitantes o comentaron, nalgúns casos até emocionados. As nais e pais en xeral, os da ANPA en particular, colaboraron enormemente na organización loxística desde un principio, pero sobre todo foi de moita axuda a súa colaboración para solucionar os problemas xerados pola convocatoria de folga. Intervíñeron tamén na organización da merenda de benvida. Agradecemos a Carme Romero, nai de Iria Quintía, a cesión das súas Mulleres Mariñas cos seus poemas e das súas pinturas para a exposición que

tivemos na planta baixa do conservatorio.

Contamos ademais coa axuda de alumnos e alumnas do centro: Lucía Amado e Carla Formoso, por facer de presentadoras en diferentes idiomas no concerto de benvida; Lucía Rey, por facer de profesora de Danza no obradoiro de “Música e Movemento” e tocar a percusión ensinando aos nenos participantes e bailar no obradoiro de “Música Tradicional”; Serafín Santamariña, que acompañou co acordeón o “Aguinaldo de Despedida” que traballamos no obradoiro de “Cancións en diferentes idiomas” e como colofón do concerto Comenius. Por suposto, mención especial aos membros do cuartetos: de metal C-Brass: Mónica García, Gerardo Muiño, Iago Pérez e Rita Fernández por representar ao conservatorio no concerto Comenius e polo seu talento presentando en diferentes idiomas. Grazas tamén aos membros do cuarteto Ponticello: Sabela Hughes, Inés Amarelo, Saúl García e Andrea Trillo polos traballos sobre a nosa cultura e artes.

Foi estupendo poder contar coa colaboración de antigos alumnos do centro, así Silvia Picos (antiga alumna de Piano) foi profesora de danza tradicional no obradoiro de “Música e Movemento”, axudou a tocar a percusión ensinando aos nenos participantes e improvisou como bailadora unha muiñeira no obradoiro de “Música Tradicional”. Tamén queremos agradecer ao Grupo Etnográfico das Mariñas e en especial a María e Pancho Rodríguez, pais de Roque Rodríguez (antigo alumno de Acordeón), a cesión dos traxes tradicionais de dúas parellas vestidas con atavíos da montaña uns e con traxe típico de Santiago os outros, que tivemos en exposición na biblioteca do centro ao longo da semana do encontro.

Tamén foi importante a participación dos membros do claustro, o equipo directivo e mais en concreto, a coordinadora de proxectos internacionais, agradece a colaboración de Enrique Agrelo, que acompañou aos visitantes no aeroporto á chegada e na partida e fixo os modelos de tarxetas de identificación e xustificantes de asistencia; Luz Alonso, que organizou unha audición de Canto e Coro con dous pases para que os nosos visitantes puideran asistir ao concerto; Begoña Álvarez, que participou

como profesora de danza tradicional no obradoiro de “Música e Movemento” e como percusionista no obradoiro de “Musica Tradicional”; M^a Esther Andrés, que fixo de tradutora para diversos traballos e na xornada que pasamos en Aldea Nova; M^a Patricia Castro, que fixo de guía na excursión a Santiago de Compostela; Alma M^a Cendán, que se ocupou da organización dos concertos, de traballar cos lemas do proxecto nas celebracións do día da Paz e de quedar na praia cos pequenos o día da excursión a Doniños; Xosé Crisanto Gándara, pola súa participación no obradoiro de “Música Tradicional”, Iria Hevia, por axudar a organizar a loxística da semana de actividades; Suso Iglesias, por axudar a Serafín Santamariña a preparar o “Aguinaldo de Despedida”; Javier Lloréns, por acoller a un profesor finlandés na súa casa e acompañar aos visitantes no paseo ás Gabeiras; Sebastián Magdalena, por acompañar no paseo ás Gabeiras; Jorge Montes, por facer os formularios de avaliación e participar como tradutor na xornada en Aldea Nova; Sabela Olivares, que foi a gaiteira do obradoiro de “Música Tradicional”; Hugo Paradela, que fixo de guía e tradutor na excursión a Santiago e na xornada de Aldea Nova; Andrés Pazos, que acolleu na súa casa a un profesor finlandés e nos guiou no paseo ás penas Gabeiras; Sergio Pena polas fotos; Alexandra Pita, pola complicada tarefa de facer os emparellamentos e resolver os problemas de comunicación; Catuxa Pita, polas colaboracións do Peque Coro no blog e no concerto de benvida; Iria Rico, por ser a profesora de danza tradicional no obradoiro de “Musica e Movemento” e a Ana Salgado, por facer de guía e tradutora na excursión a Santiago de Compostela. En xeral, grazas a todos os que interviñeron máis ou menos directamente no desenvolvemento do proxecto.

Grazas tamén a todo o persoal non docente; durante esa semana o maior número de persoas no centro e a cantidade de concertos supuxo tamén unha maior carga de traballo para todos. Agradecimentos especiais a Loli de secretaría, que no momento de apuro cando se suspendeu a visita ás cubertas da catedral nos facilitou información alternativa sobre outros lugares de interese.

Pola miña parte e xa atendendo ao aspecto persoal, quero agradecer tamén aos meus fillos



Obradoiro de baile tradicional

Irene e André o entusiasmo co que acolleron a Emilie, a profesora francesa que hospedamos na nosa casa.

En xeral o balance deste encontro foi moi positivo, ¡esperemos poder contar no futuro coa concesión de axudas do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos que nos permitan levar a cabo proxectos similares!

Uns proxectos rematan e outros comezan

Este é o noso primeiro ano de participación na Asociación Multilateral Leonardo da Vinci titulada “European Art Confluence”. Os países socios son de Portugal, desde onde participan dúas escolas de Braga: “Agrupamento de Escolas de Maximinos” e unha escola de Música “Companhia da Música”; os nosos socios de Francia pertencen ao Lycée Charles Renouvier da cidade de Prades, en concreto o apartado do módulo dedicado a produción audiovisual; de Luxemburgo son os integrantes da compañía de teatro pertencente á Confédération dela Communauté Portugaise au Luxembourg, unha asociación de emigrantes portugueses neste lugar; na cidade de Innsbruck, en Austria, están establecidos os integrantes da Asociación “Fun & Learn” Verein zur Förderung der Bildung und der sinnvollen Freizeitgestaltung, que organizan campamentos de verán para aprender

a compor cancións e practicar linguas; en Saarbrücken, Alemaña, estamos asociados cunha escola técnica cun módulo de realización audiovisual: Technisch-Gewerbliches Berufsbildungszentrum 1.

O produto que pretendemos elaborar con esta asociación é unha película. Portugal corre a cargo do guión, Luxemburgo ten experiencia traballando con actores, Alemaña encargárase da rodaxe, Austria vai compor dúas pezas de música diexética (que é tocada na película), Francia encargárase da montaxe e nós faremos a banda sonora.

Os estudantes que desexan participar nas mobilidades (é dicir, nas viaxes) comprométese a traballar en presentacións sobre os países participantes na asociación. Estes traballos son enviados a Alemaña que os vai colgando no blog do proxecto:

<http://europeanartconfluence.blogspot.com/>

En relación con este proxecto foron realizadas diferentes actividades promovidas polo EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega), a ANPA e o departamento de Composición do conservatorio: entre elas a organización dun concurso de temas para unha curtametraxe tipo “falso documental”, a realización dunha “curta” felicitación de Nadal para os centros asociados, a organización do VII Concurso de Creación Musical como concurso de Bandas Sonoras, o concurso de Interpretación de músicas de banda sonora (organizado pola ANPA e financiado pola Deputación Provincial De A Coruña).

Destacamos como moi interesante a realización de un cursiño de Composición Audiovisual impartido por Sofía Infante Souto, unha antiga alumna do centro que está cursando esta especialidade no Conservatorio Superior de Oviedo e que se brindou a axudar aos nosos estudantes de grao profesional a realizar un primeiro achegamento ao mundo da música en relación co cine.

As viaxes que xa foron realizadas tiveron como destino: Francia, onde se perfilaron as liñas de traballo e Austria (Innsbruck), onde se traballou sobre as ideas do guión. Na seguinte mobilidade 2 profesores e 3 alumnas irán a Luxemburgo, a finais do mes de maio, alá será feito o casting de actores/actrices e poderán participar en obradoiros de teatro. A comezo do vindeiro curso a película será rodada en Alemaña, a comezos do 2013 recibiremos a visita dos nosos socios no centro, o filme será finalmente estreado no último encontro do proxecto, en Portugal, que é responsable de toda a coordinación.

A misión dos nosos músicos nas viaxes, ademais de mellorar as súas competencias en linguas estranxeiras, das TIC's e no coñecemento da cultura dos países visitados, é a de participar como intérpretes en concertos benéficos realizados en lugares ou para comunidades que teñen un difícil acceso á música.

No tocante a este proxecto quero agradecer toda a dedicación dos profesores Sergio Pena e Alexandra Pita e o traballo do cuarteto Ponticello.

Concerto para Aspanaes

Rita Crespo, flauta e Verónica Gomollón, arpa. 3ºG.P
(fotos Sergio Pena)

16

O ano pasado algúns alumnos do conservatorio fóramos tocar ao colexio de Aspanaes (San Pedro de Leixa), así que o pasado mes de febreiro recibimos a visita dos alumnos do colexio ídem. Neste encontro preparámoslles un pequeno repertorio de diversas pezas. O concerto abríuse cunha curtametraxe infantil titulada “A nena que tiña unha soa orella”, adaptación do conto de Lucía Etxebarría, que ensina que todos temos as nosas diferenzas. Acto seguido un alumno de gaita interpretou unha canción típica do folclore galego. Para que aprendesen sobre algúns instrumentos introducimos unha breve explicación de cada un deles. Coñeceron e puideron deleitarse con instrumentos como a guitarra, o violín, a frauta e a arpa. Ao final da actuación os rapaces de Aspanaes subiron ao escenario e puideron tocar coas súas propias mans algúns dos instrumentos. Esta enriquecedora visita mostrou tanto para eles como para nós que a música é unha linguaxe na que todos nos entendemos e da que ademais podemos gozar.



Cartel da curtametraxe



Mª José Carralera



Rita Crespo cun alumno de Aspanaes

VIII Concurso de creación musical para novos compositores “Banda Sonora”

17

A Funda Mental (fotos Sergio Pena)

Un ano máis, e xa van oito, celebrouse o Concurso de Creación Musical para compositores novos. Na presente edición, e tal e como se acordara previamente no Departamento de Composición, houbo algunhas novidades, que se fixeron constar nas bases publicitadas, e que motivaron certa sorpresa. Tratábase de elaborar unha peza que servise de fondo musical a un exemplo visual, elaborado por Omar Rabuñal, do que se proporcionaba o enlace á ferramenta de exhibición de vídeos máis popular do mundo.

Ademáis, contouse cun seminario de preparación, impartido por Sofía Infante, antiga alumna do centro, e estudante de Composición Audiovisual no Conservatorio Superior de Música de Asturias.

O xurado, formado por Xosé Crisanto Gándara, Hugo Paradela e Sergio Pena, reuniuse o Mércores 9 de Maio para cotexar as pezas presentadas e outorgar os premios. Estes recaíron en Uxía Oña e Iria Quintía, alumnas de 5to e 6to de GP respectivamente, que obtiveron o primeiro premio na primeira categoría pola obra “Nas redes do mar”, e en Marta Sánchez, alumna de 5to de GP, que obtivo o segundo premio na mesma categoría pola obra “Trío para oboe, clarinete e violonchelo”.

O visionado público do audiovisual realizouse no auditorio do centro.



Gañadoras do concurso de composición



Marta Sánchez

Noraboa ás premiadas!!

Por unha *boa* convivencia...

18

A convivencia e o clima escolar son factores de calidade nos centros educativos, pois aprender a convivir é unha das principais finalidades da educación. Para que exista un bo ambiente de traballo no noso conservatorio, todos somos responsables do cumprimento dunhas normas que garantan un ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo. Toma nota e recorda:

Normas no Conservatorio

- O silencio debe reinar no edificio: Recorda que é o mellor agasallo para un músico.
- Coida a túa voz: Non berres! Os músicos tamén somos ecoloxistas: non contamines con exceso de decibelios.
- Respecta as clases dos demais compañeir@s: Non fales polos corredores.
- Nos corredores non podes permanecer, nin sentarte nin correr: Sube á túa aula con puntualidade. Se tes tempo libre, solicita un estudo ou vai á Biblioteca.
- Coida e fai un uso correcto das instalacións e mobiliario do conservatorio (lavabos, aulas, biblioteca, sala de alumnos, estudos, auditorio...)
- Axuda a manter limpo o conservatorio: Emprega as papeleiras e puntos de reciclaxe.
- Respecta aos teus compañeir@s nos seus momentos de estudo: Non os interrompas, están concentrados!



Alma Cendán

Por unha boa clase... Normas na Aula

- Respecta a tódol@s compañeir@s: Tod@s estamos aprendendo.
- Asiste a clase con puntualidade: O teu retraso prexudica a marcha da clase.
- Coida e usa correctamente os materiais do conservatorio (instrumentos, atrís, metrónomos, equipos de música, etc.) O material é de tod@s.
- O silencio é o mellor agasallo para un músico: Na nosa aula é o noso agasallo diario.
- Mima as túas partituras: Non as perdas, son un gran tesouro. Tamén pensa no medio ambiente e nas árbores.
- Trae sempre o material preciso e en bo estado, e mantén ordenada a aula.

Por un bo concerto... Normas no Auditorio

- Entra tranquila e ordenadamente:
- Mira o programa: Na entrada do auditorio, atópanse os programas. Dannos información dos intérpretes, pezas e compositores que imos escoitar. Fíxate ben nas obras: se ten varios movementos ou partes... así saberás cando podes aplaudir.
- Apaga o móbil.
- Non comas nin bebas no auditorio.
- Este espazo é o reino onde habita o silencio: Non podes romper o silencio deste lugar sagrado nin fa-

lando, nin movéndote, nin xogando co papel do programa, para non molestar ós intérpretes durante a actuación.

- Non entres e saias no medio dunha actuación: Trata de chegar con puntualidade e procura permanecer ata o final. No caso de non ser posible, de xeito excepcional poderás entrar e saír ó rematar a peza, coincidindo co momento dos aplausos.
- Respecta ós compañeiros: Tod@s sabemos o esforzo e a ilusión que supón un concerto.

Pola *defensa* do ensino musical.

Alma Cendán

A principios de curso o CMUS Xan Viaño de Ferrol protagonizou, xunto co resto de conservatorios de música de Galicia, unha serie de actos reivindicativos pola defensa do ensino musical en Conservatorios e Institutos. O detonante foi a adxudicación de destinos en setembro por parte da Consellería de Educación, quen días antes da resolución definitiva, cubriu por sorpresa e a golpe de teléfono, 27 prazas de conservatorio con profesores de música de secundaria, quedando sen traballo outros tantos profesores interinos de conservatorio.

Esta actuación insólita e sen precedentes, resulta inxusta tanto para estes profesionais que optaron por dedicarse o ensino nos conservatorios e que

se viron a última hora sen traballo, como para os profesores de música de secundaria que ocuparon a seu lugar ó non ter praza de música dispoñible nos Institutos, a pesar de ter aprobado a súa oposición no 2008.

Movidos por sentimentos de impotencia e desconfianza ante a porta que deixa aberta a Consellería de Educación, gran parte da comunidade educativa do noso conservatorio, amosou o seu descontento e rexeitamento ante esta política de aforro a toda costa da Administración, apoiando ós nosos compañeiros profesores e defendendo ós nosos fillos e alumnos de conservatorio que estudan unhas ensinanzas cunha saída profesional cada vez máis limitada.



CMUS Xan Viaño de Ferrol 22-9-2011



Batukada Xan Viaño 13-10-2011



Manifestación en Compostela o 27 de Setembro.



Cadea humana Xan Viaño 20-10-2011



Batukada Pontevedra



Batukada Ourense



Concentración CMUS Ourense



Desconcerto CMUS Manuel Quiroga Pontevedra



Desconcerto Xan Viaño 3-11-11

Entrevista a Miguel Pérez Sabater, profesor de trombón do Cmus Xan Viaño

EDLG (fotos Sergio Pena)

Sabemos que os instrumentos de vento-metal son moi antigos pero, están de actualidade hoxe en día?

Por suposto que están de actualidade e cada vez máis.

Temos a percepción de que o piano e a guitarra son uns dos instrumentos máis demandados nos conservatorios en detrimento de outros que teñen menos reclamo, cal é a demanda real de instrumentos de vento-metal?

Se falamos do noso conservatorio, a verdade é que agás a especialidade de trompeta que non adoita a ter problemas de demanda, o resto de especialidades de vento-metal (trompa, trombón e tuba) non podemos dicir que saíamos moi beneficiados.

Que cres que falla no proceso de captación de novo alumnado?

O problema da captación de alumnos de Vento-metal podería estar en que os pais dos futuros alumnos non ven con bos ollos certas especialidades e isto pode ser debido a que pensen que os instrumentos de vento-metal non son tan atractivos, a veces por un descoñecemento destas especialidades instrumentais e do seu posterior potencial dentro da música clásica ou de outros estilos musicais.

Algo que resultaría moi beneficioso e que axudaría a captar máis alumnado, sería manter un estreito contacto coas bandas de música cercanas ao conservatorio, xa que, éstas precisan de todas as especialidades de vento para formar as súas agrupacións, dun xeito equilibrado e polo tanto en todas elas habería nenos que se iniciaran na aprendizaxe de instrumentos como a tuba, o bombardino, o trombón, a trompa, a trompeta, etc.... Isto sería unha axuda para poder captar posteriormente alumnos destas especialidades que decidan facer os seus estudos oficiais.



Miguel Pérez Sabater

Que habería que facer para fomentar o interese por estes instrumentos tanto por parte dos rapaces e rapazas e por outra banda dos pais?

En relación aos rapaces e rapazas xa estamos facendo cousas, sen ir máis lonxe, este curso temos realizado varios concertos didácticos dirixidos aos alumnos dos colexios aquí en Ferrol e nos seus corredores, tanto no noso conservatorio como fóra del, desplazándonos os propios profesores aos colexios. Ademais tamén realizamos un concerto didáctico coa Banda Infantil (Banda dos Pequenos) dirixido ao alumnado dos colexios, no que os propios membros da banda presentaban os instrumentos, acadando un gran éxito entre o público infantil. En canto a fomentar o interese dos pais polos instrumentos de vento-metal é máis difícil xa que soen vir cunha idea fixa do instrumento que queren para os seus fillos, a maioría de veces o piano, a guitarra, o violín etc... Polo tanto habería que explicarlles que estudar instrumentos de vento, entre eles os de metal ten moitísimas vantaxes para seus fillos como a de tocar na banda, onde ademais de pasalo moi ben, aprenden a sociabilizarse adquirindo valores de convivencia.

Requiren estes instrumentos algunha capacidade física especial?

Hai moita xente que pode pensar que para tocar estes instrumentos precisase ter unha gran capacidade pulmonar e isto é un erro, xa que se realmente é certo que necesitamos do aire para facelos soar, non se trata da cantidade senon da calidade deste, o que nos axudará a levar a cabo este fermoso fin; é dicir que o que intentamos traballar é o bo emprego da capacidade pulmonar, (xa sexa moita ou poca). Polo tanto aplicaremos o dito de "Máis vale maña que forza".

Outro mito que me gustaría desterrar é o de que, tradicionalmente se pensa que os instrumentos de metal e en especial o metal-grave como trombón, bombardino ou tuba son máis propios de nenos que de nenas. Só hai que poñer a vista fóra das nosas fronteiras para observar que en moitísimas orquestras e bandas de prestixio a nivel internacional a familia de Vento-Metal está a cargo tanto de mulleres como de homes.

Podería unha nena de oito anos comezar a estudar a tuba?

Por suposto que si, lóxicamente non empezaría cunha tuba pero si cun bombardino, que é máis pequeno e aproveitando esta pregunta gustaríame informar aos pais que calquera neno ou nena que esté interesado/a no estudo dun instrumento de vento-metal tería a súa disposición instrumentos en préstamo para o primeiro curso, o conservatorio facilita totalmente gratis para que podan ter un instrumento mentres non se deciden a comprar un propio. Estes instrumentos teñen unhas dimensións acordes ás capacidades físicas dos nenos que empezan no conservatorio.

Cales son as posibles saídas profesionais destes instrumentos?

As saídas profesionais son moitas e variadas, como intérpretes en: orquestras sinfónicas, bandas de música, brass bands, big bands, orquestras de salsa, orquestras de baile, combos de jazz, ou como docentes en escolas de música, conservatorios de música, etc...

Festival CinEOI Coruña

Curtas 2012

Rosa Gloria De Artaza Montero, Coordinadora ENDL, Escola Oficial de Idiomas da Coruña (fotos Sergio Pena)

O curso pasado, e co obxectivo de promover a comunicación audiovisual en galego no noso centro, lanzamos o festival-concurso CinEOI Coruña Curtas xa que parecía un elemento ideal de participación e unión entre os distintos membros da comunidade educativa.

A experiencia foi moi positiva e fíxonos sentir un optimismo moderado para continuar a nosa andaina. Porén sabiamos que tiñamos que unir forzas con outros centros e por iso chamamos ás portas dos Equipos de dinamización de Escolas de Idiomas (Compostela e Ferrol) e tamén do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol, que mostrou moito interese e apoiou a iniciativa dende o comezo a través do profesor Sergio Pena. Xa tiñamos un grupo de traballo e deste xeito buscamos axuda tamén nas institucións. Por unha banda a Deputación da Coruña ofreceu os medios para imprimir o cartaz gañador que publicitaría o CinEOI e por outra banda tamén chegou o apoio do departamento de educación do Concello da Coruña, que facilitou os medios económicos para organizarmos un obradoiro

de iniciación á curtametraxe e amais achegou o segundo premio do Festival. Tamén na Escola de Santiago de Compostela tiveron iniciativas similares en canto a formación. E non podo esquecer a colaboración do CGAI e doutros patrocinadores privados así como todos os ENDL das EOI de Compostela e Coruña e do Conservatorio de Ferrol, que achegaron premios atractivos para os concursantes. Os membros do xurado, destacados membros do mundo audiovisual, tamén aportaron o seu grao de area, obviamente fundamental.



Luis Tosar participando.



O cuarteto Ponticello.

Con todo este traballo previo, que ocupa poucas liñas, mais moitas horas de coordinación entre os centros, o éxito parecía garantido e só quedaba agardar que o talento creativo do noso alumnado fixese o resto. E si, foron chegando as curtas. Se o ano pasado tivemos 8 concursantes, nesta edición houbo 13. Un salto cuantitativo e cualitativo claro, que se viu reflectido na afluencia de público o día da gala de premios por todo o interese xerado previamente: este ano o noso presidente de



Os alumnos de Gaita do Xan Viaño

honra era nada menos que o actor galego gañador de tres Goyas: Luís Tosar. Un presidente próximo e agarimoso en todo momento que xenerosa e desinteresadamente apoiou a nosa iniciativa. Mais xunto con esa escintilante estrela do espectáculo, tamén deleitaron aos asistentes as actuacións de dous grupos de alumnos do Conservatorio Xan Viaño: o Cuarteto tradicional e mais o cuarteto de



Cum with the funk.

cordas Ponticello. Finalmente, rematamos a gala da entrega de premios con moita 'marcha' a cargo do grupo Cum with the Funk.

O ano que vén máis e mellor.

Contamos convosco.

Diccionario mítico

Xénero: Ensaio

Editorial: Edicións Xerais de Galicia

Ano de publicación: 1999 (1ª ed.), 2000 (2ª ed.), 2002 (3ª ed.), 2004 (4ª)

Lugar de publicación: Vigo

ISBN: 84-8302-363-6

Autores: CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro / MIRANDA RUÍZ, Xosé / REIGOSA CARREIRAS, Antonio.

Ilustracións: Lázaro ENRÍQUEZ

O Diccionario dos Seres Míticos Galegos é unha viaxe a través da mitoloxía do país, asentada na oralidade dos devanceiros e, daquela, un libro de consulta práctico, útil e fermoso ó tempo, pero tamén é unha viaxe que atravesa páxinas de forte contido narrativo, e lectura amena, entretida e divertida. Co rigor dun diccionario e o feitizo dunha novela apaixonante, este libro constitúe unha das máis importantes aportacións ó patrimonio cultural galego nos últimos anos.


Nas 710 entradas das que consta o Dicionario dos Seres Míticos Galegos pode o lector atoparse con xente cativa, xigantes, olláparos, ananos, xacias, sereas, xerpas, rabenos, encantos, lamias, lavandeiras; entrar no pazo dos mouros e conversar coa Mourindade; roubar o peite da moura; recoller carbóns que se convertan nun tesouro; sufrir con paciencia a trasnos, diaños e tardos; durmir con Pedro Chosco; ter medo da Estadea; fuxir con Brancaflor ou oír os contos de María Castaña.

O lector poderá visitar as tumbas de Orcavella e a Raíña Lupa; asaltarás casas con Pepa a Loba; beberá na fonte de Ana Manana; voará con meigas, chuchonas e nubeiros; correrá sete parroquias cos lobishomes; verá como Deus crea demos e anxos; asombrarase con lobos, cobras, dragóns, basiliscos, cocas, unicornios; navegará no Bergantín Pantasma; andará os camiños coas ánimas da Compañía; tremerá na noite ó escoitar o Paxaro da Morte; enfrontarase co Can Negro, co Lobo Branco, coa Peregrina, coa Zarrulada, co urco e coa Pastoriña; visitará cidades asolagadas e enterradas, como Antioquía, Lucerna ou Valverde, Pozos Peagos e entradas do inferno, Camiños ó Alén e Cabos do mundo; coñecerá os cocos, tales como o home do saco, o sacaúntos, Maríamanta, a meiga dos dentes verdes, o zampón e o orco; lerá o Ciprianillo e desatoará decididamente o saco para pillar os biosbardos.

Para atopalos, só hai que abrilos por calquera páxina e aparecerán, por orde alfabética, todos estes seres, entes, lugares, espíritos, ...:

Abelurio, Abella, Abellón, Aborteiro, Aborto, Abutardo, Achaiacotos, Acompañamento, Afogada, Agoireiras, Agoireiros, Agoiro, Aire, Aire de lagarto, Alacrán, Alcaíán, Alceo, Aldrope, Alén, AlicornioAlam, Aloia, Alquimila, Alláparo, Ama de cría dos mouros, Ana Manana, Ananos, Anadarín, Andoriña, Anfíloco, Anfiloquia, Anginum, Ánimas, Ánima soa, Antaruxa, Antruxada, Anta-

ruxado, Antaruxo, Antela, Anticristo, Antioquía, Anxos, Aollador, Aquelarre, Araña, Ara Solis, Ár-



bores, Arco da Lúa, Arco da Vella, Areas move-dizas, Armeña, Arrancapiñeiros, Arresponsador, As da noite, Astrólogo de Navín, Ataúlfo, Auga, Aureanas, Aurora, Ave fría, Avelaíña, Avelaiona, Avichuchos, Avexón, Avisóns, Avisos de morte.

Babilonia, Balán, Balancho, Balas de cera, Balea, Balea xigante de San Cibrao, Balura, Baluros, Bandomil, Barbantesa, Barca que desaparece, Barco afundido, Basilisco, Becerra con cans, Becerro, Beón, Bergantín pantasma, Biosbardos, Birnarm, Bode, Boedo, Boi bruón, Boi de Sandomedio, Boi Louro, Bois de Gures, Boi Vidal, Boleboreta, Borrón, Brancaflor, Bandomil, Braña da Pouza, Braña Rubia, Brañas de Sada, Brate, Brea, Breogán, Bretal, Brigo, Brito, Bruta, Brutamontes, Bruxa, Bruxo, Burgas, m Burra, Burro, Buserana, Busgoso, Butre.

Cabaleiros, Cabaleiros do rei Arturo, Cabaliño Branco, Cabalo, Cabalo da fiaña.

O Teremín: O instrumento que soa sen ser 'tocado'

26

Brais Guerrero Puentes

O funcionamento do theremín basease no principio do heterodino, que foi descuberto no século XX por casualidade.

Algúns enxeñeiros e inventores como Martenot, Gielet, Obukhov, e o cellista e enxeñeiro electrónico Lev Termen, percatáronse do potencial musical deste efecto. O que aparentemente co uso do heterodino era un problema, a proximidade do corpo ás válvulas de baleiro producía unha interferencia que facía variar a capacitancia producindo un zumbido incontrolado, resultou ser a base funcional do teremín. Lev Termen comprendeu de seguido que máis que un problema isto era unha virtude pola que se podería controlar as variacións de frecuencia mediante os nosos movementos a redor do aparato.

A primeira versión foi construído por Termen na URSS no ano 1917 bautizado co nome de 'Theremín' en honor a seu nome, tamén foi coñecido como eterófono (de eter) sendo o primeiro instrumento que aproveita o principio do heterodino con fins musicais.

Un prototipo de theremín estaba provisto dunha antena vertical para controlar as alturas sonoras e cun bucle metálico horizontal para a intensidade, isto facíase movendo as mans ao redor das antenas para conseguir as variacións en intensidade e altura sonora. O resultado era un son parecido ao do violín. Máis tarde os últimos modelos xa utilizaban un amplificador e un altofalante triangular.

A estrea do teremín tivo lugar na feira industrial de Moscova no ano 1920 coa presenza do propio

Lenin, que impresionado pediu recibir clases do instrumento.

Lev Termen abandonou viaxou a USA no ano 1927 por da patente concedida pola compañía RCA que permitiu comercializar o theremín durante a década dos trinta, coa chegada do transistor o instrumento foi fabricado por Robert Moog.



Theremín

A sona do instrumento foi medrando e a súa influencia chegou ás pantallas de cine a través filmes de serie 'B' das décadas dos cuarenta e cincuenta, compositores tan famosos como Bernard Herrmann (autor da bso de Psicosis) e Miklós Rózsa (bso Ben-Hur) incluíron o theremín na partitura das bandas sonoras de películas de ciencia ficción, explotando o seu son exótico e inorgánico, exemplos son: Ultimatum á terra (The day the earth stood still 1957), e Días sen Pegada (The lost weekend 1945)

Outro gran éxito do instrumento chegou da súa inclusión na canción de The Beach Boys Good Vibrations co que acadou a máxima popularidade.

O teremín é tamén un instrumento de concerto que se estuda nos conservatorios da URSS e actualmente a confederación rusa e países de influencia.

Como expoñente do alto nivel interpretativo do instrumento contamos con Clara Rockmore (Vilna 1911), violinista virtuosa que tivo que abando-

nar a súa brillante carreira por mor dunha lesión, e atopou no teremín o medio para compartir o seu talento. O repertorio de Clara Rockmore dista das modestas aparicións nos filmes anteriormente citados, pois aborda obras de compositores tanto clásicos como románticos, ademais a admiración polo seu talento de Stokowski levouno a encargar ao compositor Anis Fuleihan un concerto para teremín e orquestra que se estreou o 26 de febreiro no New York Center con gran éxito de público e crítica.

O barroco no Xan Viaño

Alma Cendán González (fotos Sergio Pena)

O pasado 18 de abril o CMUS Xan Viaño retrocedeu no tempo, viaxando ata a época barroca. O auditorio vestiuse coas súas mellores galas, converténdose nun gran salón de principios do século XVIII. Nobres de todo Ferrol e comarca,



Momento do concerto

músicos virtuosos e amantes das artes, asistiron a esta velada musical ofrecéndonos unha mostra da marabillosa música do Barroco. As damas e cabaleiros conversaban, tomaban te, bordaban, lían e xogaban as cartas, amenizando a escena con música, poesía e elegantes danzas típicas da época, bailadas ó compás do menuet, da bourrée e do rigodón.

A cita que comezou ás 17:00 horas, prolongouse ata cerca das 21:00 h, destacando o alto número de asistentes á mesma. Houbo música solista e de conxunto, podendo escoitar pezas para piano, violín, cello, frauta, fagot, arpa e canto.

Fantástico, Parabéns!

Concertos didácticos

EDLG (fotos Sergio Pena)

Durante este curso continuando coa filosofía de achegar a música aos nenos, celebráronse diversos concertos didácticos no auditorio do Xan Viaño así como en distintos colexios tanto da capital como das localidades próximas.

O esforzo do profesorado que participou nestas actividades fixo posible o descubrimento por parte dos alumnos de moitos instrumentos e a súa sonoridade, cousa que esperamos se traduza nun maior número de nenos e nenas que desexan atopar na música o medio de expresión das emocións, que todo ser humano precisa para medrar como persoa.



Carnaval dos animais




Departamento vento-metal



Pequebanda

Deportistas e alumnos do Xan Viaño



Inés Prado

Inés Prado Acebo é alumna de guitarra de 1º de grao profesional e xogadora de xadréz.

EDLG – Dende cando te adicas ao xadréz?

Inés – Empecei con dez anos e asistín a clases dende os once

EDLG – Cal foi teu maior logro como xogadora?

Inés – Gañei un torneo internacional open absoluto é dicir para todas as idades.

EDLG – En que se parecen a música e o xadréz?

Inés – Non sei se teñen moita relación quizais aquilo de figuras brancas e negras? no que máis se asemellan é no tempo de adicación que esixe.

EDLG - Son compatibles os estudos no conservatorio coa competición e o colexio?

Inés – Si, máis non é doado, tes que aproveitar o tempo moi ben.

EDLG - Se tiveras que deixar o xadrés ou a guitarra, cal escollerías?

Inés – Sería imposible para min esa elección, non o quero pensar.



Alejandro Fernández

Alejandro Fernández Pico é alumno de 2º de grao profesional de guitarra e xogador de rugby.

EDLG – Como xurdiu esta afección polo rugby?

Alejandro – Os meus compañeiros de clase animaronme a ir probar nun equipo federado, concretamente o Club Rugby Ferrol e gustoume dende o primeiro día.

EDLG – Que ten de especial o rugby?

Alejandro – A súa nobleza, a pesar do contacto físico tan grande, o xogo sucio non é necesario xa que para liberar a enerxía e a tensión acumulada do xogo so se precisa xogar con normalidade e ademais cando remata o partido olvidamos toda loita, toda a rivalidade quedase no campo, despois todos amigos.

EDLG – Canto tempo adicas ao rugby e á música?

Alejandro – Ao rugby unhas seis horas semanais e á música entre trece e catorce horas por semana.

EDLG – Que similitudes atopas entre o rugby e a música?



Alejandro – Principalmente no progreso que experimentas e como a experiencia eo traballo diario dan seus froitos. Aínda que na música hai momentos nos que realizamos labor de grupo, no rugby a sensación de formar un equipo é moi forte e impactante.

EDLG – Cal foi teu maior logro no deporte?

Alejandro – Lembro con emoción e orgullo o día que fun chamado para a selección galega para competir no campionato nacional.

EDLG – Por onde vés o teu futuro, como xogador ou como guitarrista?

Alejandro – Quizais como guitarrista porque o vexo máis profesional, o rugby é máis unha afección, ademais ten un percorrido máis curto e neste país é moi difícil ter saída.



Álvaro Picallo

Álvaro Picallo Doce é alumno de 2º grao profesional de trombón e xogador de waterpolo.

EDLG – Canto tempo levas co waterpolo?

Álvaro – Dende os sete anos.

EDLG – Cal foi o teu maior éxito deportivo?

Álvaro – Sen dúbida ser preseleccionado para formar parte da selección nacional de entre os demais xogadores da selección galega onde fun capitán do equipo.

EDLG – Que che gusta máis? O trombón ou o waterpolo?

Álvaro – Non sabería dicir, porque ademais gústame a guitarra.

EDLG – Canto tempo adicas ao waterpolo e á música?

Álvaro – Ao waterpolo unhas oito horas á semana e á música entre nove e dez horas.

EDLG – Cal resulta máis duro de levar?

Álvaro – Fisicamente o waterpolo, o conser é diferente porque é un esforzo máis intelectual.

EDLG – Gustariache adicarte profesionalmente ao waterpolo ou ao trombón?

Álvaro – No waterpolo tes que ser moi bo para ter algunha oportunidade, ao non ser como o fútbol é máis difícil, pero si que me gustaría ser xogador profesional.

EDLG – Algún outro deporte que che guste?

Álvaro – O fútbol e o balonmán, a afección por este último venme de familia pois meu pai foi entrenador de balonmán.

EDLG – Que recordarás do conservatorio cando o deixes?

Álvaro – Para min é como un cole pero máis divertido e cando marche botarei en falta tódolos amigos que teño aquí, non me gustaría marchar ata rematar o grao profesional.



Ángel Saavedra

Ángel Saavedra Arozamena é alumno de 3º grao profesional e palista

EDLG – Canto tempo levas co remo?

Ángel – Nove anos dos que oito son como federado.

EDLG – Como che dou polo remo?

Ángel – É cousa de familia, meu pai, meu padriño e meu irmán maior practicaron remo.

EDLG – Que logro acadaches no remo?

Ángel – Foi o subcampionato de remo de España coa selección galega ademáis conseguín o 3º posto no campionato de España por autonomías.

EDLG – Que che gusta máis, a guitarra ou o remo?

Ángel – A verdade que metade e metade.

EDLG – Como compaxinas a guitarra co remo?

Ángel – É moi difícil, ademáis está o instituto, meu secreto consiste en roubarlle horas ao sono.

EDLG – Canto tempo lle adicas a guitarra e ao remo?

Ángel – ao remo entre doce e catorce horas semanais e á música, dez horas por semana.

EDLG – A que te queres adicar no futuro?

Ángel – Adicaríame á guitarra de cheo pero tamén asegurarme estudando outra carreira, quizáis relacións laborais...

EDLG – Que recordos te levarás do conservatorio Xan Víaño?

Ángel – O recordarei como un sitio no que ademáis de aprender música fas compañeiros. Aquí gozamos dunha convivencia formidable entre alumnos, profesores, e persoal non docente.



Tania Villasuso

Tania Villasuso é alumna de 6º curso de grao profesional de clarinete.

EDLG – Canto tempo levas practicando o ciclismo en ruta?

Tania – Levo catro anos no clube ciclista Cambre anteriormente practicaba triatlón.

EDLG – Como compaxinas o deporte e a música?

Tania – Durante o período escolar céntrome nos estudos e para poder practicar tódolos días o ciclismo, entreno á hora de xantar e naturalmente como mentres entreno sobre a bici.

EDLG – Canto tempo adicas ao ciclismo e á música?

Tania – No inverno hora e media e no verán de catro a cinco horas día, cada ano preciso máis tempo. En canto á música, catro horas diarias agás cando teño exames.

EDLG – Se tiveras que escoller entre deporte e música, que escollerías?

Tania – Sen dúbida música!!

EDLG – Cal foi o teu maior logro no ciclismo

Tania – Quedei terceira no campionato de España na modalidade de contrareloxo, por outra banda conseguín ser seis veces campiona de Galicia tres na modalidade de contrareloxo e outras tres na de ruta.

EDLG – E na música?

Tania – Na música gañei o certame intercentros a nivel nacional.

EDLG – Como fas para sacar tempo?

Tania – Pois organizandome moi ben e sendo estricta coa a axenda, tampouco saio tódolos fins de semana, sobre todo cando teño competición.

EDLG – En que se parece o deporte e a música?

Tania – No esforzo e o tempo de adicación, a constancia é fundamental.

EDLG – Cal é o teu soño para o futuro?

Tania – Quero ser concertista profesional de clarinete.

EDLG – Como te atopas neste centro?

Tania – Síntome como na miña casa, a xente aquí somos como unha familia.

Día das letras *g*alegas

EDLG

32

O día 16 celebrouse no Xan Viaño a conmemoración do día das letras galegas continuando co gran éxito de edicións anteriores. Hai que resaltar a gran implicación tanto dos alumnos como os pro-

fesores que ofreceron unha actuación inolvidable. Dende o EDLG agradecemos a vosa participación e invitámosvos a participar nas futuras edicións.



Grupo tradicional



Pequecoro



Iria Souto



Alumnos recitando Celso Emilio



Candela Fernández, alumna de canto



Coro grao profesional



Viaxe a *Austria*

34

O día 19 de Febreiro as dez e media da noite o Cuarteto Ponticello collía un autobús cara a Madrid para así comezar a súa viaxe a cidade austríaca de Innsbruck. Esta formación composta por catro alumnos do Xan Viaño (Sabela Hughes, Inés Amarelo , Saúl García e Andrea Trillo) disfrutou desta viaxe grazas ao seu traballo a nivel musical e de colaboración cos proxectos Comenius e Leonardo, nos que o noso centro está involucrado. Aínda que durante a organización da viaxe houbo certos problemas ao final a formación foi a que disfrutou desta segunda mobilidade do proxecto Leonardo.

Despois dunha cansada e incomoda viaxe toda a noite chegamos ao aeroporto de Barajas no cal “acampamos” a espera do noso embarque durante 5 horas, pero por sorte todo foi a pedir de boca , chegamos ao aeroporto de Frankfurt no cal tiñamos que coller un avión con destino a Innsbruck e aquí comezou o que poderíamos chamarlle unha viaxe única. Un autobús levounos ata o avión que para o noso asombro era un pequeno avión de dúas hélices tipo a ese que vemos nos documentais de metade de século, o cal nos deu unha viaxe dunha hora inesquecible entre os nevados cumes dos alpes con imaxes que nunca se nos olvidarán na nosa vida. Aterramos e chegamos ó hotel no cal xa nos esperaban os compañeiros de Austria e Alemaña, que nos recibiron cun gran sorriso e cos brazos abertos, un pouco despois o resto da xente que viña dende Portugal e Luxemburgo uniuse á nosa primeira noite do noso máis que increíble soño.

Saúl García (fotos Sergio Pena)



O cuarteto Ponticello en Innsbruck

Durante o resto dos días vivimos experiencias increíbles como subir ao cumio das montañas, visitar os monumentos da cidade, ver o lugar onde estivo Mozart na súa curta estancia na cidade e vimos a grandeza que os antigos emperadores deixaron na que era a súa residencia de verán. Durante a viaxe fixemos vínculos de amizade cos nosos compañeiros, era unha xente fantástica e moi amable pero esta idealizada viaxe remataba e tras o concerto e cociñar unhas tortillas un pouco catastróficas e preparar sangría fumos cear a un espectáculo de música do Tirol onde o pasamos xenial entre risas e vitores aos interpretes dunha música tan difícil e espectacular, pero ao día seguinte ás nove da mañá collíamos o avión de volta.

En resumo, e como opinión a viaxe, foi máis que inolvidable no terreo persoal e profesional xa que todas a experiencias que vivimos durante esta viaxe foron únicas e nunca a olvidaremos.

Xornada de Portas Abertas

Enrique Agrelo (fotos Sergio Pena)

Durante os días 27 e 28 de Abril celebrouse no noso Conservatorio a devandita Xornada de Portas Abertas na que, gracias a colaboración de Profesores e Alumnos fixeron posible amosar os diferentes instrumentos ofertados no noso Centro cara a todos aqueles nenos que, co bon facer de docentes e discentes, trataron de acercar a trompa, oboe, gaita, acordeón, violín, piano, fagot, trompa, tuba... e inculcar ilusión para que todos os “convidados” destes dous días tiveran un contacto máis cercano os diferentes instrumentos e, nun futuro próximo, poidan comezar uns estudos tan complexos e fermosos como os que se ensinan no noso Conservatorio.





Clarinetistas_musicólogas

do Xan Viaño, 2 - Alianza

Música, O

37

Alejandra Medín Doce 5º GP

Estimados Sres. do Consello Editorial de Alianza Música, chámome Alejandra Medín, teño 18 anos e estudo 5º de GP no Conservatorio Profesional de Música 'Xan Viaño' de Ferrol.

Escríbolles este correo porque gustárame comentarles un caso curioso. Antes de nada, mencionarlles que o libro de texto principal que utilizamos nas clases de Historia da Música é a traducción que Vostedes realizaron do manual de Grout - Palisca - Burkholder. (en adiante, G-P-B)

No curso 2009-2010 o meu profesor de Historia da Música recibíu unha noite un correo dunha compañeira daquela promoción no que lle plantexaba unha dubida. Trataran recentemente en clase asuntos relacionados co modo de coller o arco en violíns, violas da gamba, contrabaixos, etc. Esta alumna dicíalle que non entendía unha pasaxe que figuraba no seu exemplar do G-P-B tendo en conta o explicado en clase. O párrafo (pág. 315) dí: "...como se ve en la ilustración*", el intérprete sostenía el instrumento sobre o entre las piernas y movía el arco sin levantar el brazo por encima del hombro..."*

O texto orixinal en inglés (pág. 267. Cito por la 8va edición) dí: "...As seen in the illustration, the player held the instrument on or between the legs and bowed underhand..."

Deixando a un lado a sorprendente traducción do participio 'bowed', na historiografía musical anglosaxona utilízase desde tempos inmemoriais o término 'underhand' para definir o modo de agarrar o arco coa man baixo a vara (como no caso dunha viola de gamba ou o arco alemán do contrabaixo), mentres que o término 'overhand' identifica o modo de agarrar o arco coa man sobre a vara (como é o caso en violíns, violonchelos ou o arco francés do contrabaixo). O mesmo sucede en alemán (untergriff, obergriff) e en outros idiomas. No caso das linguas ibéricas, algúns autores (por exemplo o meu profesor, Xosé Crisanto Gándara Eiroa) propuxeron xa fai uns cantos anos en diversos artigos e congresos as formas 'bajo la vara' e 'sobre la vara' para identificar ambas técnicas, propostas que foron acollidas con éxito e que se ven utilizando nos círculos especializados.

A miña compañeira escribiu un correo -enormemente respetuoso- á editorial facéndolle notar este feito. Ós poucos días recibíu resposta do traductor, agradecéndolle o apunte, pedíndolle un escaneo da páxina do orixinal en inglés (que o meu profesor escaneou do seu exemplar), e dicíndolle que o tería en cuenta de cara ó futuro.

Fai pouco máis de dous meses, comenteille ó meu profesor que acababa de saír ó mercado a traduc-

¹Laura García Aramburu

²Trátase da 'famosa' imaxe que mostra un grupo de tañedores de violas de gamba no frontispicio da Regola rubertina (1542) de Silvestro Ganassi...

ción ó castellano da 8va edición e que acababa de mercar un exemplar. Pedíume que o levase a clase, abrímoloo pola páxina en cuestión e..., voilá: o erro permanece inalterado...

Así mesmo, no Capítulo 24 da 8va edición, Revolución y cambio, no apartado 'Revolución, guerra y música, 1789-1815', detectamos un erro tipográfico: "...En la tercera fase (1794-1999), el gobierno adoptó..." O ano no que finalizaría esta terceira fase sería 1799, e non 1999.

Por outra banda, chamounos moito a atención de feito de que decidirán non incluír o índice analítico, que si estaba presente na 7ª edición.

Se estas anécdotas reflexan a escasez de rigor en aspectos en principio "sencillos"..., ¿qué grado de

'seguridade'... de 'confianza' podemos esperar da traducción en outros pasaxes do libro que traten aspectos moito máis "complexos"?

Gustaríame saber se teñen pensado adoptar medidas para correxir estes erros, pois estamos -con toda seguridade- ante o que seguramente sexa o manual de Historia da Música máis utilizado no mundo. Humildemente, penso que é necesario dotar ós estudantes castelán-falantes cun texto riguroso e libre de erros como os apuntados (detectamos uns cantos máis, que omito para non facer máis extenso este xa de por si longo mensaxe...)

Agradécéndolles a súa atención, e pedíndolles disculpas pola extensión do meu correo, envíolles un cordial saúdo

Recomendación da Biblioteca Jose Fontenla Leal

Título: Música y Musicoterapia. Su importancia en el desarrollo infantil

Autor: Guylaine Vaillancourt

Editorial: Narcea

Año de edición: 2009



Este libro pretende informar e sensibilizar a pais e educadores sobre os múltiples beneficios que a música e a musicoterapia teñen no desenvolvemento evolutivo do rapaz, baseándose en investigacións de diversos campos como a psicoloxía, a neuropsicoloxía, a educación, a neuropedagogía e a medicina. Divídese en dúas partes: A primeira céntrase na música como proceso de formación, e no papel que ten no desenvolvemento global de rapaces e rapazas. A segunda está adicada á súa aplicación como terapia para mellorar o benestar físico e psicolóxico de nenos e nenas, especialmente daqueles que teñen necesidades educativas especiais, ofrecendo exemplos de sesión prácticas. Por último, incorpora anexos con cuestións relevantes.

O Belén de Xan Viaño "Unha colaboración do ANPA e Patricia Castro"

